

Clarín

Relatos

CCV-RM



2002

© do texto: Leopoldo Alas, *Clarín*

© da tradución: Xavier Frías Conde

© da edición: Biblioteca Virtual Eonaviega – CCV

<http://www.terra.es/personal/cvalledor>

Segunda edición dixital: decembro 2002

Todos os dereitos reservados. Esta publicación pode ser lida libremente en formato dixital, pero está prohibida a súa reprodución total ou parcial sen consentimento da BVE.

EL GALO DE SÓCRATES

Critón, despois de cerrar a boca e os ollos al mestre, deixou os demais discípulos arredor del cadáver e saliu del cárcere pronto a cumprir no derradeiro encargo que Sócrates lle fixera, seique cun fondo de brincadeira, mais que el tomaba al pé da letra coa dúbida de se era en serio ou non era en serio. Sócrates, en expirando, descubríndose, pois xa estaba pronto para ocultar aos seus discípulos el espectáculo vulgar e triste da agonía, dixera e foran as súas derradeiras palabras:

– Critón, debemos un galo a Esculapio, non esqueizas pagar esa débeda –e xa non falou máis.

Para Critón, aquela recomendación era sagrada: non quería analizar, non quería examinar se era máis verosímil que Sócrates apenas quixese ter contado un chiste, algo irónico se acaso, ou se se trataba de veras del última vontade del mestre, del seu derradeiro desexo. Seique non fora Sócrates, apesar da calumnia de Anito e Melito, respeitoso coel culto popular, coa relixión oficial? Certo era que daba aos mitos (que Critón non lles chamaba así, é claro) un carácter simbólico, filosófico, ben sublime e ideal; mais entre poéticas e transcendentais paráfrases, iso era el que respeitaba a fe dos gregos, a relixión positiva, el culto del Estado. Ben o demostraba un fermoso episodio del seu derradeiro discurso (pois que Critón notaba que Sócrates, ás veces, malia el seu sistema de preguntas e respostas, decote esquecíase dos seus interlocutores e falaba todo el que lle petaba e fóra de tema).

Pintara as marabillas del outro mundo con pormenores tipográficos que tían máis de maxín tradicional que de rigorosa dialéctica e austerá filosofía.

E Sócrates non dixera que el non crese en todo aquilo, aínda que tampouco non afirmaba a realidade del descrito coa obstinada seguridade dun fanático; mais todo elo non había ser estraño en quen, aínda respeito das propias ideas, como as que expuxera para defender a inmortalidade

del alma, admitía con abnegación das ilusiois e del orgullo a posibilidade metafísica de as cousas non seren como el as concibía. En fin, que Critón non cría contradicir o sistema nin a conducta del mestre procurando nun galo para llo ofrecer al deus da Medicina.

Como se a Providencia estivese implicada en todo aquilo, des que Critón se tornara uns cen pasos da cadea de Sócrates, viu, sobre uha tapia, nuha caste de pracia solitaria, un galo presuntuoso de magnífica plumaxe. Daba saltado había un pedazo desde un horto ata el cume daquel muro e preparábase para saltar ata a rúa. Era un galo a fuxir, un galo a se emancipar dalguha triste escravitude.

Coneceu Catón a tentativa del ave de currada e espero que ela dese el pulo ata a rúa para perseguilo e collelo. Metéraselle na cachola (porque el home, comezando a transixir con ideas e sentimentos relixiosos que non atopa racionais, non se detén ata a superstición máis pueril) que aquel galo, e non outro, era el que Esculapio, ou seña Asclepies, quería que se lle sacrificase. A casualidade del encontro achacábala Critón á vontade dos deuses.

Mais parece que el galo non era da mesma opinión, porque desde notou que un home o perseguía, comezou a correr batendo nas alas e cacarexando polo baxo, moi incómodo, sen dúbida.

Coñecendo el bípedo perfectamente al que o perseguía de telo visto ben de veces nel horto del sou amo a discutiren sen fin acerca del amor, a elocuencia, a beleza, etcétera; mentres el, el galo, seducía cen galías en cinco minutos, e sen tanta filosofía.

«Pois boa cousa é –pensaba el galo da que corría e se dispoía a enhalar con todas as súas forzas, se é que el perigo ía en aumento–, boa cousa é que estos sabios que detesto se empeñen en me teren por uha propiedade delos, contra todas as leis naturais, que elos habían coñecer. Ía ser bonito que despois de me liberar da inaguantable escravitude en que me tía ese Gorxias, caese axina no poder dese pobre diablo, pensador de segunda mao e moito menos divertido que el charlatán del meu amo».

Corría el galo e ía tras dos sous calcaños el filósofo. Cando este segundo xa ía botarlle mao, el galo bateu nas alas e, xa for dun pulo, xa

for dun volo, foi parar, por mor del medo, enriba da cabeza duha estatua que representaba, nada menos, que a Atenea.

– Ouh, galo irreverente! –berrou el filósofo, xa fanático, inquisitorial <e perdóese el anacronismo>. E acalando cun sofisma pseudopiedoso os berros da honrada consciencia *natural* que lle dicía: «Non roubes nese galo», pensou: «Agora si que, polo sacrilexio, merece a morte. Serás de meu, irás al sacrificio».

E el filósofo poíase na punta das didas; espurríase todo el que era quen, daba saltíos curtos, ridículos, mais todo éralle en vao.

– Ouh, filósofo idealista, de imitación! –dixo el galo nun grego digno del mesmo Gorxias–. Non te molestas, non serás quen de enhalar nin el que enhala un galo. Que, lougo? Espántache el que eu sabía falar? Daquela, é que non me coñeces? Son el galo da currada de Gorxias. Eu coñézote a ti. Es uha sombra, a sombra dun morto. No destino dos discípulos que sobreviven aos mestres. Quedan aquí, como larvas, para asustaren a xente miúda. Morre el soñador inspirado e quedan os discípulos curtos de mente que faen da poética idealidade del sublime vidente uha causa máis del medo, uha tristura máis para el mundo, uha superstición que se petrifica.

– Silencio, galo! No nome da idea del tou xénero, a natureza mándate calar!

– Eu falo e tu cacarexas a idea. Oe, eu falo sen permiso da Idea del meu xénero e pola habilidade del meu individuo. De tanto sentir falar de Retórica, é dicer, del arte de falar por falar, aprendín algo del mester.

– E pagas al mestre fuxindo da súa beira, deixando a casa, renegando del sou poder?

– Gorxias é tan louco, aínda que máis ameno, como tu. Non se pode vivir perto de home semellante. Ha catalo todo, e eso cansa, atordo. El que *demonstra* toda a vida, déixala baleira. Saber o porqué de todo é quedar coa xeometría das cousas e sen a substancia de nada. Reducir o mundo a uha ecuación é deixalo sen pés nin cabeza. Mira, veite, porque podo estar a dicer cousas así durante oitenta días coas súas oitenta noites: relembra que son el galo de Gorxias, el sofista.

- Ben, pois por sofista, por sacrílego e porque Zeus el quer, has morrer. Veña!

- Ai, non! Non deu nacido el idealista de segunda mao que me poña a min a mao enriba. Mais, por que vén todo esto? Que crueldade é esta? Por que me persegues?

-Porque Sócrates, al morrer, encargoume sacrificar un galo a Esculapio en acción de gracias porque lle daba a saúde verdadeira, librándolo da morte, de todos os males.

- Dixo Sócrates todo eso?

- Non; dixo que debíamos un galo a Esculapio.

- Daquela, todo el outro son figuracións de tou.

- E que outro sentido poden ter esas palabras?

- El máis benéfico, el que non custe sangue nin custe erros. Matáresme a min para contentar un deus, no que Sócrates non cría, é ofender a Sócrates, insultar os deuses verdadeiros... e ferme a min, que si existo, e son inocente, un dano inconmensurable; porque non sabemos nin toda a dolor nin todo el prexuízo que pode haber na misteriosa morte.

- Pois Sócrates e Zeus queren el tou sacrificio...

- Repara que Sócrates falou con retranca, coa retranca serena e sen fel del xenio. A súa alma grande podía, sen perigo, divertirse co xogo sublime de imaxinar harmónicos a razón e as ensinacións populares. Sócrates, e todos os creadores da nova vida espiritual, falan por símbolos, son retóricos cando *familiarizados* coel misterio, respectando nel el inefable, danlle figura poética en formas. El amor divino del absoluto ten ese modo de bicar el alma. Mais, repara cando deixan este xogo sublime e dan liciois al mundo, que austeras, lacónicas, desvencelladas de toda inútil imaxe son as súas máximas e os sous preceptos de moral.

- Galo de Gorxias, cala e morre.

- Discípulo indigno, veite e cala; cala sempre. Es indigno dos da túa ralea. Todos iguais. Discípulos del xenio, testemuñas xordas e cegas del sublime soliloquio dunha conciencia superior; pola ilusión del e de vós, credes inmortalizar o perfume da súa alma, cando de feito embalsamades con drogas e por receitas todo el que é a súa doutrina. Fedes del morto

uha mumia para terdes un ídolo. Petrificades a idea e el sutil pensamento utilizádelo como cauce que fai correr o sangue. Si, es símbolo da triste humanidade sectaria. Das derradeiras palabras dun santo e dun sabio sacas como primeira consecuencia el sangue dun galo. Se Sócrates tivese nacido para confirmar as supersticiois del sou pobo, non tería morto polo que morreu, nin tería sido el santo da filosofía. Sócrates non cría en Esculapio, nin era quen de matar uha mosca, e menos un galo, por fer rir al vulgo.

- Eu atéñome ás palabras. Dáte...

Critón procurou uha pedra, apuntou para a cabeza e da crista del galo saliu sangue...

El galo de Gorxias perdeu el sentido, e da que caía polos ares, aínda cantou:

- Quíquiriquí, cúmprase el destino; fágase en min en segundo a vontade dos imbéciles.

Pola testa de xaspe de Palas Atenea esvaraba el sangue del galo.

EL PECADO ORIXINAL

Xa ían darlle al garrote, cando estendeu uha mao contra el público, acenando que quería falar.

El verdugo non teve inconveniente en deter durante un intre a súa penosa tarefa, porque aquel pobre señor non lle dera ningún traballo de máis e mesmo éralle simpático, como tamén lle acontecía al pobo todo que presenciaba a execución, e como lle fora al tribunal e a todos os que interveran na causa famosa que o levaba al suplicio.

Era un ilustre sabio naturalista, que descubrira uha chêa de cousas útiles para a humanidade e para a ciencia, sen se meter xamais en fonduras metafísicas sobre el que era ou non era a materia, nin en se había alma ou deixaba de habela. Matara a súa dona e a nodriza del sou unixénito nun momento de halucinación. Os médicos teimaran en demostrar que obrara como un tolo, por un impulso irresistible. Mais don Atanasio, el sabio, enfureceu con esta interpretación e publicou un manifesto, desde el cárcere, poendo podres aos doutores e á escola antropolóxica italiana e a todos os fisiólogos que se metían en cousas de Dereito, para terxiversar todo. «Non señor, vía dicir o manifesto: din morte á mía cara metade e al ama de cría no pleno uso das mías facultades, con toda a liberdade, ou que por tal entendemos vulgarmente, con que se poden fer estas cousas. Estábanme a distrer cuha disputa sobre uhas cueiras, que se os roubara ou non a lavandeira. Xusto daquela eu tía na mao un frasquín duha materia da mía invención capaz de prender lume a medio mundo; esqueicera certa fórmula cõa cal eu convertería aquela mestura terrible nun elixir que aseguraba á humanidade uha saúde de milleiros de anos, e cando xa me voltaba a fórmula á punta da lingua, al recordo, a disputa das cueiras distróuxome xa de todo, fuxiu a fórmula... e aventei el frasco sobre as viles femas que así roubaban á humanidade a dita asegurada. Non houbo máis que eso: non son un *criminal nato*, non

estou tolo, non me colle ninguha eximinte nin atenuante, mais, en troque, deben collerme ben varias agravantes. Así que, al pau. Mais non me cansen con xuízos orais e baballadas desas. Teño outras cousas que fer que me defender. Vou pasar os poucos días de vida que me queden a pensar, a ver se consigo dar outra volta coa fórmula que asegura tantos anos de existencia al ser humano». Foi xa dito e xa feito. Don Atanasio non volveu pensar noutra cousa. Nin se recordaba de ter asistido al xuízo nin de ter ouvido a sentenza nin de ter estado en capela.

Cando o sentaron e sentiu na súa gorxa el frío da garvatía de ferro, estremeceuse todo... e no canto de ver as estrelas, viu nel ar, de súpeto, cos ollos da imaxinación... uha fórmula! Mais era outra, outra moito mellor, e que fórmula!

* * *

– Xa a atopei! Albízaras, señores! –berrou adiantándose cara el público polo trabado adiante–. Que non me maten de ningún xeito; sería uha atrocidade: é dicir, polo de agora. Que me deixen ensaiar a mía descuberta e despois que fagan de min el que queiran.

– Pero que descubriu vostede? –preguntou el verdugo, que comezaba a temer que aquilo fose uha treta.

– Pois, nada, fillo; descubrín a inmortalidade del home. Mais non a inmortalidade del alma, non, a del corpo e el alma xuntos; quero dicir, que atopei el que perdeu Adán. Claro! El outra fórmula... era frouxa, insuficiente; faltábame... el del pentóxido de fósforo, e non pensara na forma cristalina da betametilnaftalina e, en troque, metera el ácido amidosulfónico onde non cuadra gota. Pero, señor, como me esqueicera eu das propiedades cristalográficas dos dous estereoisómeros ácidos alfa-metil-beta-clorocotrónico, del ácido alfa-dicloro-sigma-dimetilsuccínico! Que non ve vostede a mía... señor... xustiza maior!

El verdugo pensou: «Coitado, toleou por mor del medo».

E non sabía el que fer, se matalo ou deixalo. Mais interveu el público, a forza, a autoridade, e de explicación en explicación deuse telegrafado al goberno, consultando el que se había fer con aquel home que xuraba ter descuberto a inmortalidade da vida... mortal, ou *ci devant* mortal, como diría un correspondente de prensa de París.

El goberno accedeu al que don Atanasio pedía; é dicer, que el escuitase uha xunta de sabios e que, se non lles convencía que a súa descuberta era infalible, se lle dese non xa garrote, mais os peores tormentos da Inquisición, e que el descuartizasen se querían.

Aos poucos días, as Academias de todas as ciencias, agá as morais e políticas, reunidas, publicaban el sou relatorio. Con efecto, don Atanasio descubrira el modo de preservar al home da morte, de todo xénero de morte, mais...

* * *

Mais non *al home*, así en xeral; non a todos os homes, mais a un solo. A un solo entre os vivos; mais os que este xerese, serían xa inmortais tamén.

A idea ocorráselle a don Atanasio pola suxestión de certas teorías del malogrado filósofo Guyau, que, medio en serio, medio en broma, falara da posibilidade de chegar a tal progreso, que houbese medios de manter o equilibrio dos elementos vitais no organismo en constante renovación. Se a humanidade, pensaba don Atanasio, non fexo ata a data nada pola súa inmortalidade, foi pola culpa del *apriorismo* metafísico e, lugo, pola ditosa teoría da evolución, tamén metafísica, que diz que *todo el que naz, morre*. «Deixade as inqedanzas tradicionais; deixade a Spencer e demais sabios evolucionistas; enchoupádevos no profundo sentido desa *biblia natural* que se chama *A orixe das especies* de Darwin e estaredes no noviciado da grande *Orde da Inmortalidade*». Esto era el que dicía don Atanasio. Non hai tempo para explicar aquí por que el dicía. Tampouco

non o hai para dar razón pormenorizada de por que non podía inmortalizarse máis que a un home e mais a súa descendencia. Elo era que os *pós da mai Celestina*, chamémolo así, mercé aos cais se podía conseguir a vida inmortal, eran de tan esmeradísima, difícil e delicada fabricación, que a humanidade enteira tía de se consagrar, en sacrificio, a producir o elixir misterioso, que era a quintaesencia dun certo xugo vital descuberto por don Atanasio. Calculouse que se precisaba que todos os millois de homes que forman el mundo civilizado e a medio civilizar se deixasen fer nuha operación dolorosísima, magar non perigosa, para quitar a substancia necesaria para producir a inmortalidade dun solo individuo. Amais, tal operación esixía gastos exorbitantes dos Estados en materias químicas, estudos, hospitais *ad hoc*, viaxes, comisiois, etc. En definitiva, un diñeirame. Cada nación había endebedarse por moito tempo.

Non importaba; dábase todo por ben empregado. Que sacrificio non se feiría por reconquistar a vida inmortal, perdida nas portas del Paraíso? A humanidade civilizada e a medio civilizar decidiu gañar na inmortalidade para el home, custase el que custar, mais...

* * *

Quen lle poía el axóuxere al gato? Quen ía ser el *único* inmortal entre os vivos, el novo Adán, fundador da raza dos inmortais? Algúns sabios comezaron a protestar, dicindo que a cousa non era tan avantaxosa como se acreditaba, que era uha inmortalidade *ontoxénica*, non *filoxénica*.

– Mentira! –replicou don Atanasio–. Non salva solo un individuo, mais a especie, através dos descendentes dun individuo.

– Ben, mais quen será el afortunado... inmortal?

– El Papa –dixeron uns.

– El imperador da China –dixeron os chineses.

– El rei de Inglaterra –dixeron os ingleses.

– El noso amo... –berraron os alemais.

- El presidente da República –exclamaron os franceses, *et sic de coeteris*.

Os españois créronse chamados a escoller o inmortal, pois don Atanasio, por pura distracción, deixárase parir en España.

E apareceron mil candidatos: don Afonso! don Carlos! Cánovas! *Guerrita! Irún!* Pablo Cruz!

- Señores –dixo Ferreras desde *El Correo*–, de non ser Sagasta, que case que nolo prometera, que seña don Atanasio... el inventor!

- De ningún xeito! –protestou el Tribunal de Dereito–. Don Atanasio está condenado a morte e a inmortalidade seríalle demasiado indulto.

Algúns homes sinceros que había espallados polo mundo, un aquí e outro en Pequín, fixéronse ouvir:

- Séñamos francos –dicían–; un ben tan grandísimo, tan impensado, tan incalculable como a inmortalidade, ninguén non o quer para outro, ninguén quer sacrificarse, ninguén quer sufrir esa terrible operación, gastar a súa facenda... para volar no tormento de morrer sabendo que puido ser inmortal. Chegado el instante da operación salvadora, ninguén se deixaría operar para salvar a outro.

É verdade!, pensou a humanidade en silencio.

Algúns hipócritas puxeron a relucir o sofisma paradoxal de que el maior suplicio sería uha vida sen fin...

Agora que se tocaba a súa posibilidade, ninguén deixaba de acreditar nela. A sede da vida inmortal apoderouse de todos; suspendéronse os suicidios, calaron os pesimistas, os místicos non pedían a morte.

- A votar, a votar ! –berrou el mundo enteiro.

Votouse por razas, por naciois, por provincias, por concellos, por barrios, por rúas, por casas, por familias. E cada raza votábase a si propia e máis nada, e cada nación igual, e cada provincia igual; e así até chegarmos al sén de cada familia... onde cadaquén quería a inmortalidade para si mesmo. Todo foi en vao. El derradeiro resultado: cada home teve un voto: el de sou.

- Hai que recorrer á lotaría! –declarou el Congreso das Naciois.

– Esa é a definitiva! Que seña el que Deus queira...! –berrou a coro el vulgo.

– Inútil –interromperon os poucos homes sinceros que había na terra.

– Inútil a lotería... porque ese premio gordo non se lle entregará al agraciado: a humanidade faltará á súa palabra; ninguén se submeterá á operación para un desgraciado salvarse.

– Verdade, verdade! –recoñeceu el mundo–. Ninguén padecerá martirio por dar a outro a vida inmortal *segura, visible, palpable*.

– Non pensarmos máis neste; foi un soño. Ou eu, ou ninguén! –declarou cada cal.

E daquela el Tribunal de Dereito, que condenara a don Atanasio, esixiu a execución da sentenza.

– Como non houbo tal descuberta, pois que non hai xeito de levalo á práctica, non hai nada del dito, meu señor... –dixo a autoridade.

E deron garrote al inventor da inmortalidade.

E os homes seguiron a ser mortais pola mesma causa del outra vez: polo pecado orixinal.

Porque el *pecado orixinal*, el que priva al home de vivir *sen morrer*, é el egoísmo, el desamor, a cobicia.

E non el comer froita verde.

DE TREN

El duque de Pergamín, marqués de Numancia, conde de Penasarriba, conselleiro de ferrocarrís de vía ancha e de vía estreita, ex ministro de Estado e de Ultramar... está a botar lume polas orellas e agarra el ceo... *raso* del coche de primeira coas maos; e segundo el, ten todía a razón. Figúrense vostedes que el vén desde Madrid solo, deitado en todas a súa longura nun reservado, como se tal cousa, porque non teve á súa disposición, por torpeza dos empregados, nin coche-cama nin cousa parella. E agora, no mellor do sono, á media noite, na metade de Castela, ábreulle a porta del *sou* departamento e pídenlle mil perdois... porque ten de admitir a compañía de dous viaxeiros nada menos: unha señor enloitada, cuberta dun velo mesto e mais un tenente de artillería.

De ningún xeito! Non hai cortesía que valia; el nobre español é moi inglés cando viaxa e non atende para miramentos *medievais*: defende el *home* del sou reservado pouco menos que co *sport* que aprendera en Eton, Inglaterra, o nobre duque castelao, estudante inglés.

Un conselleiro, un senador, un duque, un ex ministro, consentir que entren dous descoñecidos no sou coche, despois de ter consentido en prescindir da súa berlina-cama, á cal ten todo el dereito! Imposible! Alí non entra uha mosca!

A dama de loito, avergoñada, confusa, procura desaparecer, buscar abeirigo en calquera furgón onde poida haber cais máis finos... mais el tenente de artillería péchalle el paso ocupando a saída toda e, con moita tranquilidade e finura, defende el sou dereito, el de ambos os dous.

– Caballeiro, eu non nego el sou dereito a reclamar contra os erros da compañía... mais eu, e probablemente esta señora tamén, teño billetes de

primeira; todos os demais coches desta clase veñen cheos; nesta estación non hai xeito de aumentar el servicio... aquí haille asentos de máis e aquí nos metemos.

El xefe de estación apoia timidamente a pretensión del tenente; el duque crécese, el xefe cede... e el artillero chama un cabo da Guarda Civil, quen, sabedor del caso, aplica a lei marcial al regulamento de ferrocarrís e decreta que a *viúva* (el fai de viúva) e el *sou* tenente queden no reservado del duque, sen prexuízo de que este se queixe a quen corresponda.

Pergamín protesta, mais dá acougado e ata ofrece un magnífico habano al militar, del cal acaba de saber que vai no expreso para se incorporar al *sou* reximento, que parte para Cuba.

– Daquela, vai vostede á Ultramar para defender a integridade da patria?

– Si señor; no último sorteo tocóme a peor sorte.

– E lugo?

– Deixo a mía nai e máis a mía muller doentes, e deixo dous nenos de menos de cinco anos.

– Ben, si, é lamentable... mais a patria, el país, a bandeira!

– Pois, señor duque. Eso é el primeiro. Por eso vou, mais sinto xebrarme del segundo. E vostede, señor duque, onde vai?

– Pss... polo de agora a Biarritz, despois al norte de Francia... mais todo eso está moi visto; pasarei el Canal e partillarei os meses de agosto e setembro entre as illas Wight, Cowes, Ryde e Osborn...

A dama del loito e del velo ocupa silenciosa un recanto del reservado. El duque non repara nela. Despois de repasar un xornal, retoma a conversa co artillero, que é home de poucas palabras.

– Aquelo está moito mal. Cando eu, aló polos meus primeiros tempos de ministro, admitín a carteira de ultramar, por mor da aprendizaxe, xa me convencín axina de que tíamos que aplicar a máxima cautela á administración ultramarina, se é que aquilo se ha a salvar.

– E vostede non puido aplicalo?

– Non tiven vagar. Pasei a Estado, polos meus méritos e servicios. E, ademais... haille tantos compromisos! Ouh, mais a insensata rebelión non prevalecerá; os nosos heroes defenden aquilo como leois; mire vostede que magnífica foi a morte del xeneral Zutano... vítima da súa coraxe na acción de Tal... Zutano e outro valente, un capitán... el capitán... non sei cantos, pereceron alí co mesmo valor e el mesmo patriotismo que os meirandes mártires da guerra. Zutano e el *outro*, el capitán aquel, merecen estatuas; letras de ouro nunha lápida no Congreso... mais, de todos os xeitos, aquilo está moito mal... non temos unha administración... Daquela, vostede queda aquí para tomar el tren de Santander? Pois adiante, boa sorte, moitos loureiros e poucos balazos... E se quere vostede algo por aquí, xa sabe vostede, meu tenente, durante el verao illas de Wright, Cowes, Ryde, Ventnor e Osborn...

El duque e mais a dama del loito e el velo quedan solos no reservado. El ex ministro tenta, con unha certa discreción, comezar unha conversa coa muller.

A dama contesta con monosílabos e ás veces con acenos.

El del Pergamín, despeitado, aborrece. Na estación, a enloitada mira impaciente pola ventá.

– Aquí, aquí! –berra de repente–; Fernando, Adela, aquí...

Unha parella, tamén de loito, entra no reservado: a enloitada del coche abraza nelos e afoga os saloucos sobre el peito del outra muller enloitada.

El tren segue a súa viaxe. Despedida, novamente abrazos, pranto...

Quedan de novo solos a dama e el duque.

Pergamín, morto de impaciencia, ousa entrar no terrén das posibles indiscreciois. Quer saber a toda costa a orixe daquelas *œ*itas, a causa del loito... E obtén fría, seca, irónica, entre lágrimas, esta breve resposta:

– Eu sóu a viúva del *outro*... del capitán Fernández.

**A FANTASÍA DUN DELEGADO DE
FACENDA**

Don Sinibaldo de Rentería chegara polos seus pasos contados e sen se deberen os seus ascensos a intrigas nin adulaciois, a ocupar o posto de xefe nas oficinas de Facenda nunha provincia de primeira clase. Non había empregado mellor no sector e non tía nada que ver no seu cargo a grandísima fantasía que Deus lle fornecera. Dividía a vida en dúas partes: dun lado os expedientes con toda a súa horrible realidade, apremios e embargos incluídos; doutro, *a louca da casa*, que facía vivir a don Sinibaldo nunha perpetua novela interior, nunha continua *hipótese histórica*. Porque el chamaba así á súa manía invencible.

«Na *hipótese* –comezaba a pensar– de que eu fose isto ou aqueloutro, e que me sucedese tal cousa...»

E seguía a imaxinar aventuras, incidentes, episodios, lugares, diálogos, actitudes; en fin, a crear un mundo en que o engulía e que al pouco xa vía como o único positivo. Esta transformación da *hipótese* nunha soñada realidade era involuntaria. Nisto parecíase el delegado de facenda a non poucos sabios que empezan por inventar tamén modestamente unha hipótese e al cabo xuran que é a pura realidade e que «*no le mana, canalla infame*», con todo o demais que don Quixote aseguraba de Dulcinea ou da modesta Madasima. Del seu aqueloutramento, del seu universo fantástico, adoitaba sacalo a don Sinibaldo algún encontro brusco con... un esquino, ou un pisotón dun mozo de cordel, e el soñador volvía al triste mundo dos demais, exclamando:

– Animal, mire por onde vai!

Sen ver que, por el andar polos espacios imaxinarios, era polo que un humilde galego el pisara. Disto hai moito na vida e tamén no don Quixote, al que tanto se asemella a vida.

* * *

Adoitaba a veranear don Sinibaldo Rentería nun pequeno porto del mar Cantábrico, de fermosa praia, mais pérfida polas ondas e mais as disimuladas correntes; perigosa polo mal abeiro del Oeste, por onde, ás veces, de sotaque, chegaba a galerna sen avisar con todos os horrores, case alcanzando a terra, pois non hai obstáculo que se lle poña no medio.

Rentería, máis que nas condiciois da praia, reparara, porque apesar da súa idade aínda tía el sou aquel de galo, na fermosura dunha señora, compañeira de fonda e casada cun caballeiro que pasaba a vida metido, se cadra non enteiro, nas pozas, el cal amaba el perigo, por máis que aínda non perecera nel. Aquel señor non cría que se podía ser bon bañista se non se pasaba toda a tempada feito un anfibio e un esquimal no tocante á comida. Todo el santo día, e madrugaba moito, pasábao descalzo metido na auga, entre as penas, ou ben na praia a correr sobre a area, pero *algo metido no mar*, como el dicía. Pescaba todo el que podía, arrancaba as pobres lapas das penas, con crueldade e consistencia de famento, como se non tivese el que levar de alimento para a casa, a pasar mil esforzos por lle sugar o xugo ao mar en forma de mariscos.

Este señor decidiuse uha tarde aventurarse e pasear pola mar, ou al menos dar cabo dela un paseo de varias millas. Era toda uha fazaña para aqueles bañistas de terra dentro que adoitaban facer del océano de fronte el mesmo uso que del océano que tían pintado no foro dun escenario.

Don Sinibaldo non aconsellaba al señor Areas, apelido de ousado argonauta, que se botase al *mar tenebroso* aquel día porque sentira el algo dun contraste e dun turbión e mais outros termos alarmantes.

El señor Areas embarcou, non obstante, provisto de aparellos de pesca de cen xéneros diferentes e non atendeu ás súplicas da súa dona, que deixou como uha Ariadna de cabotaxe no poder, ou al coidado, daqueles señores que ficaban na praia a admiraren el valor «non cívico», como dixera un delos, senón «marítimo del pescador»... de cangrexos, non de pérolas.

Rentería, co seu maxín atolado como decote, fexo axina a súa correspondente novela sobre a cuestión dun recóndito e pecaminoso devezo.

– Na *hipótese* –empezou a pensar– de que el señor Areas afogue, aínda que fose en pouca auga; de que veña a galerna e a el e mais aos atrevidos *nautas* os derrube e os sepulte entre as amargas ondas... –e así continuou a imaxinar mil peripecias, tráxicas uhas, moito galantes as outras, onde el se vía xa namorado da viúva despois de teren *lamentado* xuntos a catástrofe...

Levaría xa uns bons quince minutos don Sinibaldo a soñar así, sentado no chao, cabo da ourela, cando non un pisotón de galego, senón a furia del vento, cargado de auga e area, veulle quitalo en parte del sou idillio elexiaco e criminal, derrubándoo en toda a súa longura. Ergueuse, sentiu que el sou chapeo enhalaba co vento, viuse envolvido nun incómodo remuíño de aire e arredor del non viu máis que uha nebra mesta; e da parte del mar, por entre aquela escuridade raias brancas e mouras, que eran as ondas remotas, encrespadas: na espuma da crista, como neve, máis abaixo como tinta, ou ao menos como preta louxa.

Sentiu despois grandes berros, lamentos, voces de socorro. E cando fuxiu aquela ráfaga e aclarou algo el ambiente, Rentería distinguiu, no mar, a barca do temerario pescador a pique de afundir, aló, moito lonxe, empurrada con forza e présa polo vento e mais as ondas cara el sul-este, é

dicir, cara a terra; mais a grande distancia, na dirección duha paraxe da praia, a pouca distancia do sito onde embarcara el mal aconsellado, é dicir, el ben aconsellado mais necio *náufrago*. Viu don Sinibaldo que uha dama corría pola praia para el punto onde podería chegar a lancha, en caso de non envorcar antes, el cal parecía seguro á vista dos brincos que daba sobre o lombo das ondas. Rentería, sen pensar el que facía e tornando á súa novela, ou al menos sen dar retornado de todo al mundo real, botou a correr tras daquela dama que non era outra que a *viúva*, como xa a chamaba el delegado de facenda no sou interior.

Toda a xente que había na praia, ou a máis dela, encamiñáronse na mesma dirección mais con menos présa, de tal xeito que a señora de Areas quitou uha grande vantaxe a todos axina. E tamén quitoulle bastante a don Sinibaldo, que corría e corría medio atordado polo vento, a canseira e os remuíños de aire na area, e ía soñando que tía quentura, a mesturar realidades e visiois.

E entremetres, coa lingua por fóra, corría el bon señor, que xa ía imaxinando todo isto: Xa el tal Areas perecera aló, na praia de tal –aquela onde estaban–, había moito tempo. El, Rentería, recollera el cadáver del náufrago, consolara a viúva, obrigáara a lle agradecer os sous infindos servicios, inestimables nos primeiros momentos de apuro; a súa boa amizade continuou, e pasado el ano de loito, a viúva de Areas e don Sinibaldo casaban felizmente. Mais como a canseira e el vento levaban medio rebentado al bon galo, sentíase mal correndo; foi alentar forte e uha aguillada de dor forte nun lado féxolle exclamar:

– Adeus, Rosa –el nome da súa *señora*–; non ves? Xa a pesquei; pulmonía segura –afogaba–. A disnea! Este Madrid! Por que insistiches en eu deixar a mía vida de provincia e vese para el ministerio? Vaia, pois abur, filla, porque, xa ves... non respiro... afogo... súo... dóbranseme as pernas... abur... abur... morro... lémbrete de min; que non profanen a memoria del noso amor, destas para min ilícitas relacións... abur, mía Rosa...!

E morría... Xa morrera. A proba era que non se podía mover, que estaba na terra a mascar po ou area... Si, aquilo era a tumba, ou el outro mundo... Mais, ouh terrible realidade! Víase desde el outro mundo este pillabán mundo que aquí deixamos... E incorporouse indignado, furioso, porque acababa de ver a súa *viúva* en persoa, sen esperar que pasara el ano de loito, apertando outro home, sen dúbida el que escollera por *terceiro* marido...

E a parella, unidos del brazo e facendo extremos de alegría, achegábase sorrinte a don Sinibaldo, para lle agradecer a carreira que botara para acudir en socorro del señor Areas, cando el delegado, incorporándose... como a delirar, largou:

- Isca, muller pérfida! Botaches dous á foxa e aínda, sen recato, queres demostrar a túa desvergoña presentándome el tou terceiro home...

- Pero que diz este home? -preguntou a dama.

El señor Areas, chen de caridade e de prudencia, influído sen dúbida polo susto que levara había un chisco, pois vira a morte cara a cara, dixo xentilmente:

- Sen dúbida a emoción que lle causou el noso perigo trastornouno un momento... Eu non sóu el terceiro home da mía muller, don Sinibaldo. Míreme ben, eu sóulle Areas, que se salvou de milagre...

- Daquela... estamos todos vivos? Noraboa. Disimulen vostedes: esta pícara fantasía! Que barbaridade...! Pois non cría eu que morrera.. duha pulmonía?

E reparando nas súas indiscretas revelaciois, púxose todo colorado.

- Ai que conteiro é vostede! -díxolle a ex viúva, tamén colorada; porque, menos atenta xa a outras cousas, mais moito máis lista que el sou home, *ela comprendéao todo*. E como lle estaba moi agradecida polo interese que mostrara na aventura, mirouno ela con ollos moi compasivos. Si, mirou de enriba a embaixo al sou... *segundo defunto*.

Non hai novela, por realista que seña, que non teña algo real.



<http://www.terra.es/personal/cvalledor>
<http://www.romaniaminor.net>

BIBLIOTECA VIRUTAL EONAVIEGA

2002